

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E DA COMPETENCIA

- 904** *Circular 1/2021, do 20 de xaneiro, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se establece a metodoloxía e condicións do acceso e da conexión ás redes de transporte e distribución das instalacións de produción de enerxía eléctrica.*

O dereito de acceso de terceiros ás redes de transporte e distribución constitúe un dos principios reitores da liberalización do mercado da electricidade: así o confirmaron a normativa sectorial española e o acervo da Unión Europea.

En particular, a Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, dedica o seu capítulo VIII á «Organización do acceso á rede», e establece que «As autoridades reguladoras, cando os Estados membros así o dispuxesen, ou os Estados membros garantirán que os ditos criterios se aplican de maneira coherente e que o usuario da rede a quen se lle denegou o acceso pode recorrer a un procedemento de solución de conflitos».

A mesma directiva, no seu artigo 36.e), así como a vixente Directiva (UE) 2019/944, do 5 de xuño de 2019, no seu artigo 58.e), inclúen entre os «Obxectivos xerais da autoridade reguladora» o de «facilitar o acceso á rede de novas capacidades de xeración e instalacións de almacenamento de enerxía, en particular suprimindo as pexas que poidan impedir o acceso a novos axentes do mercado e de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables».

En España, a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, regulou o acceso de terceiros ás redes de transporte e de distribución nos seus artigos 38 e 42, respectivamente, cuxas condicións foron logo desenvolvidas polo título IV do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica. Pola súa parte, o Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia, estableceu un procedemento específico para a solicitude dos permisos de acceso e conexión ás redes de distribución para as instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación.

O artigo 33 da vixente Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, regula con carácter xeral o acceso e a conexión ás redes, e define os conceptos de dereito de acceso, dereito de conexión, permiso de acceso e permiso de conexión. No seu número 11 e último, segundo a redacción dada polo Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, o dito artigo establece que «a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará mediante circular a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión, que comprenderán o contido das solicitudes e permisos, os criterios económicos, os criterios para a avaliación da capacidade, os motivos para a denegación, o contido mínimo dos contratos e a obrigaición de publicidade e transparencia da información relevante para o acceso e a conexión.»

Por outra parte, o Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, contén criterios para ordenar o acceso e a conexión ás redes de transporte e distribución de electricidade e establece, na súa disposición derradeira oitava, o mandato para que o Goberno e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aproben, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor do mencionado real decreto lei, cantas disposicións regulamentarias sexan precisas para o desenvolvemento e a execución, no ámbito das súas competencias, do previsto no artigo 33 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

De acordo con este mandato e coa habilitación competencial mencionada, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia regula nesta circular a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión, de forma coherente co desenvolvemento regulamentario regulado no Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, tal como está previsto no mencionado artigo 33 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

A Circular adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dado que responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Esta proposta de circular é o instrumento máis adecuado para garantir a consecución dos obxectivos que persegue.

En particular, cúmprense os principios de necesidade e eficacia, ao preverse o seu desenvolvemento na Lei 24/2013, do 26 de decembro, a cal establece que se deberán aprobar mediante circular da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión ás redes, elementos que constitúen o obxecto desta norma. Ademais, a aprobación desta circular é condición necesaria para dar cumprimento á disposición derradeira oitava do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño.

Así mesmo, cúmprese o principio de proporcionalidade ao levar a cabo o desenvolvemento normativo dos aspectos atribuídos a esta comisión en materia de acceso e conexión, en virtude do repetido artigo 33 da Lei 24/2013, do 26 de decembro. Enténdese satisfeito tamén o principio de seguridade xurídica, dado que a circular é coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, e a súa aprobación desencadeará a aplicabilidade do artigo 33 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e, con ela, a do marco normativo en materia de acceso e conexión que aprobou a dita lei, en lugar do marco transitorio aplicado actualmente.

Esta circular cumpre o principio de transparencia na medida en que a súa proposta foi sometida a trámite de audiencia, tanto ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico como a través do Consello Consultivo de Electricidade, así como publicada na páxina web deste organismo, e describe no seu preámbulo e na súa memoria os obxectivos que se perseguen. Finalmente, o principio de eficiencia satisfáise na medida en que non introduce cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Os desenvolvementos normativos posteriores á Lei 24/2013, do 26 de decembro, entre os cales se encontran o Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, coxeración e residuos, e o Real decreto 244/2019, do 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, remiten, no relativo ao acceso e conexión, aos xa sinalados Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro. Por último, recentemente publicouse o xa mencionado Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Esta circular ten por obxecto culminar o proceso de regulación relativa á metodoloxía e ás condicións do acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica. Nun contexto de rápido desenvolvemento da produción a partir de fontes de enerxía renovables, tanto en forma de instalacións a grande escala como de xeración distribuída (neste último caso a miúdo baixo unha modalidade de autoconsumo), no cal a dispoñibilidade de capacidade suficiente nas redes constitúe un factor decisivo á hora de acometer novos proxectos, faise necesario reducir a dispersión normativa e proporcionar unha guía clara de cales son os pasos que hai que seguir conducentes á obtención dos permisos de acceso e conexión.

Optouse por limitar o alcance do texto ao acceso e conexión dos produtores e deixar o tratamento específico de consumidores e distribuidores para outra circular. O principal motivo para acometer en primeiro lugar as especificidades propias das instalacións de xeración é o gran volume de solicitudes de acceso deste tipo que se acumularon nos últimos anos, ata o punto de saturar a práctica totalidade dos nós de transporte –e gran parte da rede de distribución de máis alta tensión– nas zonas onde existe dispoñibilidade

de recurso eólico ou solar. É prioritario ordenar e dar un horizonte de factibilidade ao elevado número de proxectos propostos, máxime no marco dun esforzo nacional e comunitario sen precedentes para acadar uns ambiciosos obxectivos de penetración de enerxías renovables.

A circular aséntase, polo tanto, sobre o principio do dereito de acceso de terceiros, para impedir a discriminación entre usuarios e favorecer a cooperación e coordinación entre xestores e titulares das redes de transporte e distribución, dun lado, e os titulares das instalacións de produción, doutro.

Persegue, así mesmo, incrementar a eficiencia no proceso de acceso e conexión ás redes, axilizando a tramitación tanto como sexa posible e maximizando a información relacionada coa utilización das redes, promovendo un elevado grao de transparencia aos xestores e titulares das redes. A circular busca, así mesmo, promover a competencia no mercado de xeración en beneficio dos consumidores fomentando a optimización no aproveitamento das instalacións de conexión.

Co fin de maximizar a transparencia no proceso, os xestores de redes deberán manter accesible na súa páxina web, e mensualmente actualizada, información detallada sobre as capacidades dispoñibles nos nós das súas redes de tensión superior a 1 kV.

Os anexos da circular comprenden unha serie de criterios técnicos necesarios para: i) avaliar a capacidade de acceso, ii) avaliar a viabilidade de conexión, iii) determinar a influencia da instalación de produción noutra rede distinta daquela á cal se conecta. Na determinación dos ditos criterios, así como no das especificacións de detalle que poidan concretar determinados aspectos da súa definición, tómanse en consideración as posibilidades que a progresiva dixitalización das redes ofrece para maximizar a integración da xeración a partir de fontes de enerxía renovables.

Esta circular despraza as disposicións anteriores ao Real decreto lei 1/2019, do 11 de xaneiro, que regulaban a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución das instalacións de produción de electricidade, disposicións que, nas materias que son obxecto de regulación nesta circular, deveñen agora inaplicables, conforme o establecido no citado real decreto lei. Dado que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia exerce esta competencia por primeira vez, a circular non inclúe unha disposición derogatoria. Este efecto prodúcese sen prexuízo de que, a través, de ser o caso, de mecanismos de cooperación, se poida articular unha táboa de vixencias para facilitar o coñecemento das normas aplicables nestas materias, así como que se dea publicidade, a través das oportunas páxinas web, ao compendio de normas aplicables, estruturado por materias.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido nos números 2 e 11 do artigo 33 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e do número 1.f) do artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de trámite de audiencia e de acordo co ditame do Consello de Estado, o Pleno do Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, na súa sesión do 20 de xaneiro de 2020, acordou emitir esta circular.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta circular ten por obxecto establecer a metodoloxía e as condicións de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución por parte dos produtores de enerxía eléctrica, incluídas as instalacións de almacenamento nos termos previstos no artigo 6.3 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro.

## Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta circular é de aplicación:

a) Aos solicitantes de permisos de acceso e de conexión a un punto das redes de transporte e de distribución de enerxía eléctrica para instalacións de xeración de electricidade.

b) Aos titulares de redes de transporte e de distribución de enerxía eléctrica, así como aos xestores das ditas redes.

## CAPÍTULO II

### Solicitud dos permisos de acceso e de conexión

## Artigo 3. *Contido da solicitude de acceso e de conexión.*

1. No que se refire ao desenvolvemento da tramitación e, en particular, aos prazos aplicables e ás eventuais emendas á información remitida con motivo das solicitudes dos permisos de acceso e de conexión, observarase o disposto no Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.

2. Os xestores das redes de transporte ou de distribución deben ter dispoñible na súa páxina web un modelo de solicitude de permisos de acceso e de conexión. Mentres o dito modelo poida ser obxecto de modificacións sucesivas, cada versión del deberá identificar de forma claramente visible o período durante o cal é ou foi de aplicación. Os xestores manterán accesible o histórico de modelos de solicitude durante, polo menos, sete anos. A dita solicitude debe conter, polo menos, a información detallada a continuación:

- a) Identificación do solicitante e datos de contacto.
- b) Copia do xustificante acreditativo de ter depositado adecuadamente a garantía económica, de conformidade co establecido no artigo 23 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica.
- c) No caso de tratarse dun proxecto sometido a avaliación ambiental ordinaria ou simplificada de conformidade co previsto nos anexos I e II, así como no artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, acreditación da presentación polo promotor ante o órgano substantivo da solicitude ordinaria de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental ou da solicitude simplificada de inicio da avaliación de impacto ambiental, respectivamente, no caso de que o promotor presentase xa tales solicitudes.
- d) Anteproxecto da instalación de xeración de electricidade, o cal conterá, polo menos, os seguintes elementos:
  - i) Identificación da instalación de xeración de electricidade, incluídas a tecnoloxía e a capacidade de acceso para a cal se solicitan os permisos, así como as coordenadas UTM da liña poligonal que circunscribe a instalación.
  - ii) No caso de hibridación, identificación das distintas tecnoloxías e potencia dos correspondentes módulos de xeración de electricidade.
  - iii) Nó, tramo de liña ou posición exacta a que pretende conectarse o produtor.
  - iv) Esquemas unifilares da instalación ou agrupación de instalacións obxecto dos permisos, incluídas, de ser o caso, a liña, as posicións e a aparellaxe necesarias para a evacuación da enerxía xerada.
  - v) No caso de dispor de elementos de acumulación de enerxía eléctrica, descrición dos ditos elementos, incluída a súa capacidade de almacenamento.
  - vi) Potencia contratada prevista para o consumo dos servizos auxiliares.

vii) No caso de instalacións de xeración de electricidade asociadas a unha modalidade de autoconsumo con excedentes, potencia contratada polo consumo ou consumos asociados.

viii) Orzamento estimativo da instalación de xeración de electricidade, incluídos, de ser o caso, os elementos de acumulación, así como as infraestruturas de evacuación.

Cada xestor de rede poderá incorporar ao seu modelo de solicitude tanta información considere necesaria para a correcta tramitación dos permisos, sempre e cando o dito modelo sexa empregado de forma obxectiva e non discriminatoria na tramitación de todas as solicitudes xestionadas polo dito xestor. Toda información adicional debe circunscribirse ao indispensable para valorar a capacidade de acceso e a viabilidade da conexión á rede. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará a pertinencia e proporcionalidade da dita información adicional, no marco das competencias outorgadas polo artigo 7 da Lei 3/2013, do 4 de xuño.

3. No que se refire aos medios de presentación das solicitudes de permisos de acceso e de conexión, observarase o previsto no artigo 5.5 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro.

**Artigo 4. *Contido da solicitude de acceso e de conexión no caso de procedemento abreviado.***

1. Os suxeitos que, segundo o artigo 16 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, se poidan acoller ao procedemento abreviado terán a oportunidade de optar por unha solicitude simplificada de permisos de acceso e conexión. Para estes efectos, os xestores das redes de transporte ou de distribución deberán ter dispoñible na súa páxina web un modelo da dita solicitude simplificada, que deberá conter, polo menos, a seguinte información:

- a) Identificación do solicitante e datos de contacto.
- b) Identificación da instalación de xeración de electricidade, incluídas a tecnoloxía e a capacidade de acceso para a cal se solicitan os permisos.
- c) No caso de hibridación, identificación das distintas tecnoloxías dos correspondentes módulos de xeración de electricidade.
- d) Nó ou posición exacta a que se pretende conectar o produtor ou petición expresa ao xestor da rede para que determine o punto da rede que mellor se adapte ás necesidades do solicitante.
- e) No caso de dispor de elementos de acumulación de enerxía eléctrica, descrición dos ditos elementos, incluída a súa capacidade de almacenamento.
- f) No caso de instalacións de produción asociadas a unha modalidade de autoconsumo con excedentes, potencia contratada polo consumo ou consumos asociados.

### CAPÍTULO III

#### Concesión dos permisos

**Artigo 5. *Análise da solicitude.***

1. Unha vez admitida a trámite a solicitude conforme o previsto no artigo 10 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, o xestor da rede debe valorar a existencia ou non de capacidade de acceso, tendo en conta os criterios establecidos no anexo I e, de ser o caso, o correspondente informe de aceptabilidade a que fai referencia este artigo.

2. Cando, segundo as condicións establecidas no anexo III, se considere que unha solicitude de acceso e conexión á rede de distribución ten influencia nunha rede distinta daquela á cal se pretende o acceso, o xestor da rede a que se solicita o acceso consultará o xestor da rede a que estea conectado quen, dentro dos prazos establecidos no Real

decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, deberá emitir un informe de aceptabilidade en que se especifique claramente se existe capacidade de acceso suficiente ou non, segundo os criterios establecidos no anexo I.

3. Simultaneamente, e dentro dos prazos establecidos no Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, para a tramitación conxunta dos permisos de acceso e conexión, o titular da rede á cal se solicita permiso de conexión debe avaliar a viabilidade da dita conexión no punto solicitado, tendo en conta os criterios establecidos no anexo II.

Artigo 6. *Resultado da análise da solicitude.*

1. O xestor da rede á cal se pretenda conectar o produtor comunicará a este o resultado da análise da súa solicitude, o cal resultará na súa aceptación ou denegación; a denegación será, pola súa vez, total ou parcial.

2. A aceptación do punto solicitado polo produtor para a instalación referida na solicitude debe incluír tanto a existencia de capacidade de acceso á rede como a viabilidade da conexión a ela, así como as correspondentes condicións técnicas, que incluírán, polo menos:

a) Os parámetros técnicos que caractericen o punto de conexión, entre os cales figuran, polo menos, tensión, localización e potencia de cortocircuíto. Pola súa vez, especificaranse a potencia de cortocircuíto máxima de deseño, para o cálculo da aparelaxe de protección, e a potencia de cortocircuíto mínima, para o cálculo das variacións de tensión permitidas no punto de conexión.

b) A descrición daquelas situacións en que o dereito de acceso do suxeito no punto de conexión proposto poida ser restrinxido temporalmente.

c) As condicións e os requisitos técnicos das liñas de evacuación e, de ser o caso, das instalacións para a conexión de entrada ao centro de transformación ou á subestación a que verta a dita liña.

d) O prego de condicións técnicas dos traballos necesarios para conectarse á rede. En particular, o detalle das actuacións que se vaian realizar na rede de transporte ou distribución que deban ser sufragadas polo solicitante dos permisos de acceso e conexión. Conforme o previsto no artigo 12.8 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, o dito orzamento será calculado tendo en consideración tanto os custos construtivos como aqueles outros custos necesarios para a conexión das instalacións obxecto da solicitude de acceso e conexión.

e) Excepto no relativo aos prazos, o prego mencionado no punto anterior deberase axustar, para as instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación, ao disposto no artigo 6 do Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia, e nos restantes casos, ao establecido na disposición adicional décimo terceira do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

3. A aceptación debe ir acompañada das correspondentes condicións económicas, que incluírán, polo menos:

a) Un orzamento que se deberá axustar, para as instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación, ao disposto no artigo 6 do citado Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, e nos restantes casos, ao establecido na disposición adicional décimo terceira do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

b) De ser o caso, indicación expresa dos convenios de resarcimento existentes.

4. As condicións técnicas asociadas á aceptación do punto deben ser de posible cumprimento e non poderán estar suxeitas a condicións alleas ao solicitante. En caso contrario, o resultado da análise da solicitude será a denegación.

5. A denegación do punto solicitado polo produtor para a instalación referida na solicitude deberá especificar:

a) Se a denegación se produce por motivos de acceso ou de conexión, segundo as causas taxadas no artigo 8 e nos anexos I e II.

b) Unha memoria xustificativa, cuxa extensión e especificidade gardará relación co tamaño da instalación, que conteña os datos, as referencias e os cálculos considerados para soportar adecuadamente as causas da denegación. En todo caso, a memoria indicará a capacidade de acceso dispoñible no punto da rede solicitado, así como unha estimación do grao de sobrecarga, en termos de volume de capacidade e horas de utilización, ao cal estaría sometido o dito punto de admitirse a solicitude.

c) Posibles propostas alternativas, ou mención explícita da inexistencia delas, no punto solicitado ou noutro punto da rede próximo para o cal exista capacidade de acceso e viabilidade de conexión, sempre que se observen os criterios para considerar que a instalación é a mesma para efectos dos permisos de acceso e conexión solicitados, de acordo co establecido na disposición adicional décimo cuarta e no anexo II do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

6. De existiren solucións de conexión asociadas a permisos xa concedidos ou a solicitudes con mellor orde de prelación, as propostas alternativas recollerán a súa compatibilidade ou complementariedade coa solución de conexión formulada na solicitude analizada. No caso de existencia de convenios de resarcimento, a dita información deberá figurar expresamente.

7. Se o resultado da análise da solicitude establece unha denegación parcial da potencia incluída na solicitude, aplicarase o especificado no número 6 á capacidade de acceso que se denega.

8. Todo resultado da análise que estableza unha denegación parcial deberá detallar expresamente a capacidade de acceso que si sería obxecto de aceptación.

#### Artigo 7. *Contido dos permisos de acceso e conexión.*

1. Os ditos permisos deben incluír:

a) Identificación das garantías económicas constituídas ante a Administración correspondente, relacionadas co proxecto a que se outorga o permiso.

b) Identificación da instalación de xeración de electricidade, incluídas a tecnoloxía e a capacidade de acceso para a cal se outorga o permiso. No caso de dispor de elementos de acumulación de enerxía eléctrica, descrición dos ditos elementos, incluída a súa capacidade de almacenamento. Así mesmo, incluíranse as coordenadas UTM da instalación de xeración nos casos en que sexa relevante para a validez dos ditos permisos, de conformidade co establecido na disposición adicional décimo cuarta do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e co anexo II desta circular.

c) No caso de hibridación, identificación das distintas tecnoloxías dos correspondentes módulos de xeración de electricidade.

d) Identificación precisa do punto de conexión definitivo que inclúa denominación e coordenadas UTM.

e) Condicións técnicas ligadas á conexión. Non poderán ser máis restritivas ou exixentes que as comunicadas con motivo da análise da solicitude. Non obstante o anterior, no caso de que se produza a entrada de novos solicitantes, estas condicións poderán ser modificadas nos seis (6) meses posteriores á emisión dos permisos. Transcorrido o dito prazo, as condicións serán consideradas definitivas.

f) Condicións económicas ligadas á conexión. Non poderán ser máis onerosas que as comunicadas con motivo da análise da solicitude. Malia o anterior, no caso de que se produza a entrada de novos solicitantes, as ditas condicións poderán ser modificadas nos

seis (6) meses posteriores á emisión dos permisos, cun límite máximo dun 20 % á alza. Unha vez transcorrido o dito prazo, as condicións serán consideradas definitivas.

g) Data de emisión dos permisos. Considerarase esta data como a de concesión dos permisos para efectos do cómputo de prazos para a súa caducidade.

h) Caducidade dos permisos.

## Artigo 8. *Motivos de denegación e revogación dos permisos.*

1. O permiso de acceso só poderá ser denegado pola falta de capacidade de acceso. Esta denegación deberá ser motivada con base nos criterios establecidos no anexo I desta circular.

2. O permiso de conexión só poderá ser denegado se o titular da rede xustifica a inviabilidade da conexión con base nos criterios establecidos no anexo II desta circular.

3. A modificación dos permisos de acceso e conexión para considerar a hibridación de instalacións de xeración de electricidade con permisos de acceso e conexión concedidos levarase a cabo sempre que o titular o solicite e se cumpran os requisitos especificados no Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, así como os criterios técnicos establecidos no anexo I e II desta circular.

4. Os permisos de acceso e de conexión, conxuntamente considerados, só poderán ser revogados:

a) Pola modificación dalgunha das características de cuxa consecuencia resulte que a instalación de xeración non poida ser considerada a mesma para efectos dos permisos de acceso e conexión, de acordo co establecido na disposición adicional décimo cuarta do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

b) Polo incumprimento das condicións técnicas ou económicas explicitadas nos permisos de acceso e de conexión.

## Artigo 9. *Convenios de resarcimento.*

1. Co obxectivo de maximizar a utilización eficiente das instalacións de conexión, todo convenio de resarcimento que se deba realizar nos termos do artigo 32 e da disposición adicional décimo terceira do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, deberá ser posto en coñecemento do xestor da rede e da Administración competente, e incluírá unha addenda en que expresamente se indique unha listaxe que detalle, por cada unha das sociedades que subscriban o dito convenio, polo menos dúas persoas de contacto con indicación de, cando menos, un teléfono móbil e un enderezo de correo electrónico habilitado para a recepción de notificacións electrónicas, xunto co compromiso expreso de manter actualizada a dita listaxe, de modo que futuras modificacións nesa addenda sexan remitidas ao xestor da rede e da Administración competente nun prazo non superior a vinte (20) días desde que se produzan.

2. Todo convenio de resarcimento debe incluír unha segunda addenda en que expresamente se indiquen polo menos dúas persoas de contacto, elixidas de entre as incluídas na listaxe descrita no punto anterior, que actuarán en calidade de punto de contacto único ante o xestor da rede e para os efectos de canalizar e dar traslado das comunicacións entre o xestor e os subscritores do convenio de resarcimento.

3. As discrepancias que xurdan en relación cos convenios de resarcimento serán consideradas suscitadas dentro do ámbito relativo á conexión.



## CAPÍTULO IV

**Conflictos e discrepancias**Artigo 10. *Conflictos e discrepancias.*

1. De acordo co previsto nos artigos 33.3 e 33.5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, cando se produzan discrepancias en relación con calquera fase do procedemento de obtención dos permisos de acceso e de conexión a un punto da rede, a parte afectada poderá presentar unha solicitude de resolución de conflito ante o órgano competente. O conflito denominarase conflito de acceso ou de conexión segundo verse sobre unha discrepancia no permiso de acceso ou no de conexión, de acordo co establecido nos anexos I e II.

O citado conflito poderase presentar mesmo cando o resultado da análise da solicitude emitido polo xestor da rede sexa favorable. En particular, poderase presentar cando existan discrepancias relativas ás condicións económicas incluídas na citada análise.

Esta solicitude deberase formular nun prazo máximo dun mes desde o momento en que o solicitante ten coñecemento do feito que a motiva.

As discrepancias resolveranse de maneira individualizada para cada caso.

2. De acordo co previsto no artigo 33.3 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá, por petición de calquera das partes afectadas, os posibles conflitos que se poidan suscitar en relación co permiso de acceso ás redes de transporte e distribución, así como coas denegacións deste emitidas polo xestor da rede de transporte e polo xestor da rede de distribución.

O prazo para a resolución e notificación deste procedemento será de dous meses, que se poderá ampliar a dous meses adicionais se se require información adicional á solicitude, ou se así o manifesta o solicitante.

3. De acordo co previsto no artigo 33.5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, as discrepancias que se susciten en relación co outorgamento ou coa denegación do permiso de conexión ás instalacións de transporte ou distribución de competencia da Administración xeral do Estado resolveraa a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. O prazo para a resolución e notificación deste procedemento será o previsto no punto anterior.

As discrepancias que se susciten en relación co outorgamento ou coa denegación do permiso de conexión ás redes cuxa autorización sexa de competencia autonómica resolveraa o órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

## CAPÍTULO V

**Actuacións tras a obtención dos permisos de acceso e de conexión a un punto da rede**Artigo 11. *Contido do contrato técnico de acceso á rede.*

1. O contrato técnico de acceso non poderá conter condicións técnicas máis exixentes que as incluídas no resultado da análise da solicitude, e deberase axustar, para as instalacións incluídas no seu ámbito de aplicación, ao disposto no artigo 7 do Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión á rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia, e nos restantes casos, ao disposto no artigo 5 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

2. O titular da rede remitirá ao xestor da rede, de ser o caso, a información a que se refire o número 1.

3. O contrato técnico de acceso poderá ser modificado por petición de calquera das partes, sempre que exista acordo explícito entre ambas, cumpra cos requisitos que lle resulten exixibles e sexa posible acordo coa normativa sectorial que lle sexa de aplicación.

A solicitude de modificación deberá incluír unha proposta alternativa, debidamente xustificada pola parte solicitante.

4. De acordo co disposto no artigo 21.3 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, as discrepancias que se susciten sobre o contrato técnico de acceso ou a súa modificación serán resoltas polo mesmo órgano que ten a competencia para resolver conflitos ou discrepancias no caso dos permisos de conexión.

## CAPÍTULO VI

### Transparencia e procedemento de desenvolvemento

#### Artigo 12. *Publicación da información.*

1. En virtude do previsto no artigo 33.9 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e no artigo 5.4 do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, os xestores das redes de transporte e distribución deberán manter un rexistro en relación coas subestacións que operan, en cada unha das súas barras de tensión superior a 1 kV e publicar na súa páxina web a seguinte información relativa a cada unha das ditas barras:

- a) Denominación.
- b) Xeorreferenciación.
- c) Nivel de tensión.
- d) Capacidade de acceso dispoñible, desagregada por posición de conexión.
- e) Capacidade de acceso ocupada, desagregada por posición de conexión. Inclúese de forma específica aquela capacidade de acceso non dispoñible por pertencer aos procesos de asignación extraordinarios incluídos na disposición adicional vixésimo segunda da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e no capítulo V do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, relativo aos concursos de capacidade de acceso en determinados nós da rede de transporte para integración de renovables.
- f) Capacidade de acceso correspondente ás solicitudes de permisos de acceso e conexión admitidas e aínda non resoltas, desagregada por tecnoloxía e posición de conexión.

2. Esta información deberá ser actualizada, polo menos, unha vez ao mes.

3. Varios xestores de redes de distribución poderán dar cumprimento ao previsto neste artigo mediante unha plataforma de publicación conxunta, accesible en todo caso desde cada unha das páxinas web dos xestores que compartan a dita plataforma, caso en que, á información enumerada no número 1, se deberá engadir a rede de distribución concreta en que se sitúa a subestación e barra referida.

4. O incumprimento destas obrigacións de información poderá ser sancionado de acordo co disposto no título X da propia Lei 24/2013, do 26 de decembro.

#### Artigo 13. *Procedemento de aprobación de especificacións de detalle.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia aprobará mediante resolución aquelas especificacións de detalle que poidan resultar necesarias para desenvolver a metodoloxía e as condicións do acceso e conexión ás redes de transporte e distribución establecidas por esta circular, incluídas aquelas que poidan resultar necesarias para adaptar os criterios establecidos no anexo I ás particularidades das redes de distribución.

2. Cando, no marco das competencias asignadas á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sexa necesario aprobar as citadas especificacións de detalle, aplicarase o seguinte procedemento:

a) O operador do sistema presentará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de oficio ou por requirimento da Comisión, as propostas necesarias para a implementación das especificacións de detalle.

b) O operador do sistema, baixo a supervisión da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, organizará a participación dos suxeitos e axentes interesados no desenvolvemento das propostas que se efectúen no marco desta circular, desde o comezo da súa elaboración, mediante grupos de traballo. Entre as partes interesadas deberase contar cos xestores das redes de transporte e distribución, ademais dos xeradores e dos seus representantes.

c) O operador do sistema consultará os suxeitos e axentes interesados sobre as súas propostas, durante un período non inferior a un mes, salvo que estea debidamente xustificado un prazo menor por razóns de urxencia.

d) O operador do sistema deberá ter en conta os puntos de vista dos suxeitos e axentes interesados resultantes das consultas e dos procesos de participación antes da remisión das súas propostas para a súa aprobación. Deberase incluír na dita remisión unha memoria xustificativa debidamente razoada da inclusión ou non dos puntos de vista resultantes da consulta a que se refire o punto anterior. O operador do sistema deberá publicar tanto a proposta presentada como as ditas xustificacións na súa páxina web.

e) No caso de que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia requira unha modificación da proposta presentada de conformidade cos puntos anteriores, o operador do sistema presentará, no prazo de dous meses desde o requirimento, unha nova proposta para a súa aprobación, salvo que estea debidamente xustificado un prazo menor por razóns de urxencia.

f) No caso de que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia rexeite a proposta do operador do sistema por considerar que non reúne as condicións necesarias para a súa aprobación, a propia Comisión poderá iniciar un procedemento para efectos de elaborar unha nova proposta contando coa participación dos distintos axentes involucrados.

g) As propostas serán remitidas ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para que, no marco das súas competencias, poida emitir informe nos termos previstos no artigo 80.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

h) As especificacións de detalle a que se refire este número 2 serán aprobadas mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de trámite de audiencia. As resolucións que aprobe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en virtude deste artigo publicaranse no «Boletín Oficial del Estado», de acordo co establecido no último parágrafo do artigo 7.1 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

3. Sen prexuízo do establecido no número anterior, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará na súa páxina web as resolucións aprobadas en virtude deste artigo que se encontren en vigor.

Disposición adicional primeira. *Días inhábiles.*

Para efectos do cómputo de prazos desta circular, observarase o previsto no artigo 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición adicional segunda. *Valor dos parámetros, porcentaxes e ratios contidos nos anexos.*

Sen prexuízo do que se poida establecer mediante as resolucións previstas nos anexos desta circular, determínanse os seguintes valores para estes parámetros, porcentaxes e ratios, mencionados nos citados anexos:

1. Fíxase no 50 por cento a porcentaxe de potencia máxima inxectable, a que se refire o número 3 do anexo I, referida tanto á capacidade da liña en que se sitúe o punto

de conexión como á capacidade de transformación para o nivel de tensión da subestación ou centro de transformación que sexa punto de conexión. Nas redes de tensión inferior a 36 kV, esta porcentaxe fíxase no 70 por cento.

2. Para os nós con módulos de parque eléctrico existentes ou con permisos de acceso concedidos, que non cumpren co Regulamento (UE) 2016/631 da Comisión, do 14 de abril de 2016, fíxase en 10 o valor mínimo do parámetro WSCR a que se refire o número 4 do anexo I. Para o resto de nós, o dito valor fíxase en 6.

3. Fíxase en 10 MW o valor superable pola suma de potencias que se consideren para determinar a influencia na rede de transporte da conexión á rede de distribución, conforme o que se establece no número 1 do anexo III. Nos territorios non peninsulares este valor será de 1 MW. Non obstante, o cómputo só se realizará cando a potencia instalada da solicitude obxecto de estudo sexa maior de 5 MW (ou maior de 0,5 MW nos territorios non peninsulares).

4. Fíxase en 5 MW o valor superable pola suma de potencias que se consideren para determinar a influencia nunha rede de distribución da conexión noutra rede de distribución conectada á primeira, conforme o que se establece no número 2.a) do anexo III. Nos territorios non peninsulares este valor será de 0,5 MW. Non obstante, o cómputo só se realizará cando a potencia instalada da solicitude obxecto de estudo sexa maior de 500 kW (ou maior de 100 kW nos territorios non peninsulares).

5. Fíxase no 20 % a porcentaxe da potencia de curtocircuíto do nó de conexión como valor superable pola suma de potencias que se consideren para determinar a influencia nunha rede de distribución da conexión noutra rede de distribución conectada á primeira, conforme o que se establece no número 2.b) do anexo III.

Disposición transitoria única. *Cumprimento de obrigacións por parte dos titulares e xestores de redes sobre os valores da capacidade de acceso dispoñible.*

A resolución desta comisión pola cal se aproben as especificacións de detalle ás cales se refire o artigo 13 establecerá un prazo, non inferior aos tres meses contados desde a entrada en vigor do Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, fixados pola súa disposición transitoria sexta.1, dentro do cal os xestores das redes de transporte e distribución darán cumprimento ás obrigacións de publicación de información sobre os valores de capacidade de acceso dispoñible, ocupada e correspondente a solicitudes pendentes de resolución, segundo o previsto no artigo 12 e conforme os criterios de avaliación da capacidade de acceso establecidos no anexo I desta circular.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de xaneiro de 2021. A presidenta da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, Cani Fernández Vicién.

## ANEXO I

### Criterios para avaliar a capacidade de acceso

1. Para determinar a capacidade de acceso dunha instalación de xeración de electricidade a unha rede nun punto de conexión, débese realizar un estudo específico no dito punto de conexión. Este estudo terá unha validez de doce (12) meses desde a súa finalización e pode determinar distintas capacidades de acceso en función da tecnoloxía das instalacións de xeración de electricidade solicitantes dos permisos, así como, de ser o caso, a hibridación de instalacións de xeración e as unidades de almacenamento. O estudo realizarase tendo en conta o seguinte:

a) As instalacións de xeración e consumo conectadas, ou con permisos de acceso e de conexión vixentes, tanto nese punto de conexión como nos restantes nós desa rede ou doutras redes con influencia no dito punto de conexión; a dita influencia será determinada mediante as correspondentes especificacións de detalle a que se refire o artigo 13.

b) As hipóteses de xeración e consumo incluídas na planificación vixente con influencia nese punto de conexión, así como as instalacións da rede de transporte e distribución existentes e planificadas con influencia nese punto de conexión. Dentro do ámbito temporal do horizonte de planificación, consideraranse as posibles variacións no consumo e na xeración de instalacións existentes. A referida planificación será a conforme:

i) A planificación vixente da rede de transporte aprobada pola Administración xeral do Estado.

ii) Os plans de investimento das empresas distribuidoras aprobados pola Administración xeral do Estado.

c) As instalacións de xeración de electricidade cuxa solicitude de permiso de acceso e de conexión teña prelación sobre a solicitude que se vai avaliar segundo os criterios establecidos no Real decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, tanto nese punto de conexión como nos restantes nós desa rede con influencia no dito punto de conexión.

d) O padrón de funcionamento das instalacións mencionadas nos parágrafos anteriores no relativo ás pautas de xeración e consumo e, en particular, o consumo mínimo simultáneo previsto.

2. As condicións en que se debe valorar a capacidade de acceso das redes son as seguintes:

a) En condicións de dispoñibilidade total de rede, cumprindo os criterios de seguridade e funcionamento establecidos para esta situación.

b) En condicións de indispoñibilidade de rede establecidas nos correspondentes procedementos de operación, cumprindo os requisitos de tensión establecidos neles, sen sobrecargas que non poidan ser eludidas con mecanismos automáticos de teledisparo ou redución de carga de grupos xeradores.

c) En réximes transitorios, cumprindo as condicións de seguridade, regularidade e calidade aceptables relativas ao comportamento dinámico.

3. Para efectos do estudo mencionado no punto 1 deste anexo, para avaliar a potencia máxima dispoñible en cada punto da rede de distribución, consideraranse as seguintes referencias:

a) A potencia máxima inxectable no punto de conexión dunha liña determinarase como unha porcentaxe da capacidade de transporte da liña no dito punto, definida como capacidade térmica de deseño da liña na cabeceira da subestación, tendo en conta as instalacións de xeración de electricidade e consumo conforme o punto 1 deste anexo. Esta porcentaxe establecerase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

b) No caso de que o punto de conexión sexa nunha subestación ou centro de transformación, a potencia máxima inxectable no dito punto determinarase como unha porcentaxe da capacidade de transformación instalada para ese nivel de tensión tendo en conta as instalacións de xeración de electricidade e consumo conforme o punto 1 deste anexo. Esta porcentaxe establecerase mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

4. Para efectos do estudo mencionado no punto 1 deste anexo, con carácter xeral, a análise realizada incorporará criterios asociados á potencia de cortocircuíto e á estabilidade estática e dinámica da rede. En concreto, para determinar a capacidade máxima de acceso para os módulos de parque eléctrico a redes de tensión superior a 1 kV, a potencia

máxima dispoñible no relativo ao criterio de potencia de cortocircuíto calcularase mediante a determinación do índice ponderado (WSCR) baseado na potencia de cortocircuíto do nó solicitado, tendo en conta os nós electricamente próximos na súa zona de influencia. A metodoloxía para o cálculo do dito índice será a seguinte:

$$WSCR = \frac{\sum_i^N Scc_i \cdot P_{MPE_i}}{(\sum_i^N P_{MPE_i})^2}$$

Onde:

WSCR: *Weighted Short Circuit Ratio*: relación ponderada entre a suma de potencias de cortocircuíto do conxunto de nós da zona de influencia e a suma de capacidades máximas de módulos de parque eléctrico conectados ou con permiso de acceso outorgado a estes nós de influencia. Este parámetro tomará un valor mínimo que se definirá mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Sc<sub>c<sub>i</sub></sub>: potencia de cortocircuíto trifásica do nó *i* da zona de influencia eléctrica coa rede planificada e a xeración prevista no horizonte do estudo. O valor de Sc<sub>c</sub> necesario para determinar o índice WSCR terá en consideración un escenario referido ao horizonte de planificación e calculado sobre un percentil de Sc<sub>c</sub> en escenario de xeración síncrona mínima, evitando situacións de descargos, incidentes ou manobras topolóxicas que non representen a característica habitual de rede.

PMPE<sub>i</sub>: capacidade máxima de módulos de parque eléctrico conectados ou con permiso de acceso outorgado ao nó *i* da zona de influencia eléctrica.

N: número de nós que constitúen a zona de influencia eléctrica, entendida como o conxunto de nós electricamente próximos sobre os cales a tensión dun nó particular ten un certo impacto na tensión do resto de nós.

5. O previsto neste anexo é igualmente de aplicación á avaliación da capacidade de acceso dunha instalación de produción asociada a unha modalidade de subministración con autoconsumo con excedentes, de acordo co previsto no artigo 9.1.b) da Lei 24/2013, do 26 de decembro. Para os efectos de determinación da potencia máxima dispoñible de conexión recollida neste número, considerarase nula a potencia das instalacións de xeración dos consumidores acollidos a unha modalidade de autoconsumo sen excedentes.

## ANEXO II

### Cráterios para avaliar a viabilidade de conexión

1. A viabilidade de conexión vén determinada polo cumprimento das condicións técnicas e de seguridade aplicables ao acoplamento eléctrico das instalacións ou agrupación de instalacións de xeración de electricidade que solicitan o permiso de acceso e de conexión. A conexión será considerada non viable, e por tanto o permiso de conexión será denegado, de se dar algunha das seguintes circunstancias:

a) Imposibilidade técnica, ben por non existir a instalación de rede onde se solicita o punto de conexión, ou non estar prevista na planificación vixente da rede de transporte ou nos plans de investimento das empresas distribuidoras aprobados pola Administración xeral do Estado, ben por falta de espazo físico adecuado para situar as instalacións necesarias.

b) Ameaza á protección da salubridade, á seguridade das persoas ou cousas ou do ambiente.

c) Incumprimento por parte do solicitante dos requisitos de conexión establecidos no Regulamento (UE) 2016/631 da Comisión, do 14 de abril de 2016, que establece un código de rede sobre requisitos de conexión de xeradores á rede, no Regulamento (UE) 2016/1447 da Comisión, do 26 de agosto de 2016, polo que establece un código de rede

sobre requisitos de conexión á rede de sistemas de alta tensión en corrente continua e módulos de parque eléctrico conectados en corrente continua, ou no Real decreto 647/2020, do 7 de xullo, polo que se regulan aspectos necesarios para a implementación dos códigos de rede de conexión de determinadas instalacións eléctricas e sen prexuízo das exencións e dos réximes transitorios previstos neles.

### ANEXO III

#### **Criteria para determinar a influencia de produtores noutra rede distinta a aquela a que se soliciten os permisos para os efectos de establecer a necesidade do correspondente informe de aceptabilidade**

1. A solicitude de permisos de acceso e conexión por parte dun produtor a un punto da rede de distribución que está directamente conectada á rede de transporte ten influencia na dita rede cando a suma da capacidade de acceso solicitada, da potencia existente e da potencia con permisos de acceso e conexión xa concedidos con afección ao mesmo nó da rede de transporte sexa superior a determinado límite de potencia que se establecerá mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. A solicitude de permisos de acceso e conexión por parte dun produtor a un punto da rede de distribución ten influencia na rede de distribución á cal está conectada a primeira cando concorre algunha das seguintes condicións:

a) Cando a suma da capacidade de acceso solicitada, da potencia existente e da potencia con permisos de acceso e conexión xa concedidos con afección ao mesmo nó da rede de distribución á cal se conecta sexa superior a determinado límite de potencia, que se establecerá mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Para os efectos deste número, consideraranse só as instalacións conectadas a tensión superior a 1 kV.

b) Cando a suma da capacidade de acceso solicitada, da potencia existente e da potencia con permisos de acceso e conexión xa concedidos é maior que a porcentaxe da potencia de cortocircuíto do nó de conexión entre ambas as redes de distribución que se determine mediante resolución da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Para os efectos deste número, consideraranse só as instalacións conectadas a tensión superior a 1 kV.